

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS****Ordenanzas e Regulamentos***PUBLICACIÓN DO TEXTO ÍNTEGRO DA ORDENANZA MODIFICADA DO ICIO**ANUNCIO*

A Corporación municipal do Concello de Pontearreas, en sesión extraordinaria levada a cabo o día 4 de decembro de 2017, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Visto que no prazo de información pública do anuncio da aprobación inicial non se presentaron alegacións ao mesmo, publíquese o texto íntegro da Ordenanza, para coñecemento xeral, quedando redactada da seguinte maneira:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS,  
INSTALACIÓNS E OBRAS***PREÁMBULO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, establécese o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a que se refiren os artigos 100 a 103 do mesmo, que esixirase segundo o previsto no citado Real Decreto Lexislativo, as disposicións que o complementen ou desenvolvan e o disposto na presente ordenanza fiscal.

*ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE*

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística e/ou comunicación previa, teñan ou non a devandita licenza ou comunicación, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición do título habilitante ou a actividade de control corresponda ao concello de Pontearreas.

As construcións, instalacións, ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza e/ou comunicación previa segundo o previsto na Lei 2/2016 do Solo de Galicia, en particular:

- a) Obras de nova planta e ampliación de construcións existentes.



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

- b) Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
- c) Instalación de rótulos e letreiros.
- d) Peche de terreos.
- e) Obras en cemiterios.
- f) Obras e instalacións industriais.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística e/ou comunicación previa.

#### *ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS*

Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que refírese o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquelas.

Para estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra, quen soporte os gastos ou custos que supoña a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos deste os que soliciten as correspondentes licenzas e/ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir todas as obrigas tributarias relativas a este imposto, incluída a de efectuar o ingreso das cotas nas arcas municipais de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei xeral tributaria.

Nas solicitudes de licenza e/ou comunicacións previas deberase contar especificamente, nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono das obras e da empresa construtora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

#### *ARTIGO 3.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

1. Está exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas o mesmo, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

2. A Santa Sé, a Conferencia Episcopal, as Dioceses, as Parroquias e outras circunscricións territoriais, Ordes e Congregacións Relixiosas e os Institutos de Vida Consagrada e as súas provincias e as súas casas, gozan de exención total e permanente deste imposto, de conformidade co establecido na Orde do Ministerio de Facenda do 5 de xuño de 2001, modificada pola Orde EHA/2814/2009, do 15 de outubro para todos aqueles inmobles que estean exentos do Imposto sobre Bens Inmobles.

3. Gozarán dunha bonificación do 95% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por seren realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian a figurar no Inventario de Bens do Concello. O suxeito pasivo deste imposto achegarán coa solicitude do título habilitante o correspondente acordo do Pleno da Corporación onde se cualifica a actividade como obra de especial interese ou utilidade municipal.

4. As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderanse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento de emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 . Os suxeitos pasivos deste imposto achegarán coa solicitude do título habilitante o correspondente acordo do Pleno da Corporación onde se cualifica a actividade como Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM).

5. Os supostos que se especifican a continuación decláranse con carácter xeral, de especial interese municipal, por unha bonificación do 95 por cento da cota, ao amparo do previsto no art. 103.2.a) do T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións e obras nas que concorran os seguintes requisitos:

5.1. Que os donos das obras sexan entidades de Dereito público, fundacións inscritas no Rexistro correspondente, asociacións de sen fins lucrativos, que persigan fins de interese social, ou asociacións veciñais.

5.2. Que o inmovible se destine principalmente a algunha das seguintes actividades de interese social:

- a) Protección da infancia e mocidade.
- b) Asistencia á terceira idade.
- c) Educación especial e asistencia a persoas con minusvalía.
- d) Asistencia a minorías étnicas.
- e) Asistencia a refuxiados e asilados.
- f) Asistencia a transeúntes.
- g) Asistencia a persoas con cargas familiares non compartidas.



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

- h) Acción social comunitaria e familiar.
- i) Asistencia a ex reclusos.
- j) Reinserción social e prevención de delincuencia.
- k) Asistencia a alcohólicos e toxicómanos.
- l) As propias dos seus fins sociais, no caso das asociacións veciñais.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar das bonificacións previstas anteriores, os suxeitos pasivos do imposto deberán solicitar do Pleno da Corporación a “declaración de interese ou utilidade municipal”.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenza de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

Á solicitude achegarase a copia do título habilitante da obra e orzamento desagregado e detallado das construcións, instalacións ou obras, ou daquela parte destas para as que se solicita a “declaración de especial interese ou utilidade municipal”.

Presentada en prazo a solicitude “declaración de especial interese ou utilidade municipal”, o suxeito pasivo poderá practicar a autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á obtención da correspondente declaración plenaria de “interese ou utilidade municipal”.

No caso das obras a que se refire o apartado 3, a proposta contará con informe favorable do departamento de Educación do Concello e informe do departamento de Patrimonio Municipal en relación á súa inclusión no Inventario de Bens do Concello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” aprobada en Pleno quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licenza concedida ou comunicación, así como no caso de caducidade da licenza.

Notificaráselle ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguinte bonificación, a fin de que no prazo dun mes, aquel presente a correspondente autoliquidación complementaria.

Transcorrido este prazo sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo incorrerá en infracción tributaria.

6. Gozarán dunha bonificación do 50% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ao 75%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia, sendo soamente bonificable a parte do sistema de aproveitamento térmico ou eléctrico que exceda do mínimo obrigado pola normativa específica.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un detalle do orzamento no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este orzamento.

7. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes achegarán, xunto coa autoliquidación do imposto, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa posterior.

8. Ao abeiro do establecido no artigo 103.2.e) do TRLRHL gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota do imposto aquelas obras de reforma ou adaptación de vivendas e de elementos comúns de edificios que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

A presente bonificación ten carácter rogado e o seu outorgamento haberá de instarse polo suxeito pasivo ao tempo de presentar a solicitude de licenza ou, no seu caso, a declaración responsable ou comunicación previa.

O beneficio fiscal aplicarase exclusivamente sobre a parte do orzamento que afecte á mellora das condicións de acceso e habitabilidade no caso de que as obras tivesen amais outras finalidades.

A proposta de acordo para a bonificación contará co informe técnico do departamento de Licenzas en relación ás obras que supoñan efectivamente eliminación de barreiras arquitectónicas.

Non será aplicable esta bonificación, no seu caso, na parte do orzamento da construción, instalación ou obra que estea subvencionada de forma pública ou privada.

Nos supostos do apartado 5, “de interese ou utilidade municipal”, o contribuínte poderá aplicar a dedución do 95% sobre importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de taxa polo outorgamento da licenza urbanística e/ou comunicación previa correspondente á construción, instalación ou obra de que se trate.

Non procederá a aplicación de ningunha das bonificacións previstas neste artigo, se o suxeito pasivo iniciase as obras, instalacións ou construcións con anterioridade á obtención da correspondente licenza municipal ou á presentación, no seu caso, da comunicación responsable ou declaración previa que fose preceptiva. Tampouco se aplicarán os referidos beneficios fiscais se houberse de incoarse, con motivo das obras, instalacións ou construcións, procedemento de disciplina urbanística.

Nestes supostos de bonificación, o suxeito pasivo aplicará provisionalmente a bonificación na autoliquidación presentada, e, no caso de que a solicitude da bonificación das construcións, instalacións ou obras fose resolta negativamente polo órgano competente da corporación, o



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

contribuínte disporá de 30 días, a contar dende o seguinte ao da notificación da resolución negativa, para practicar unha autoliquidación complementaria que regularice a súa autoliquidación inicial.

As bonificacións previstas no presente artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva segundo a orde en que aparecen reguladas e aplicaranse á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores

#### *ARTIGO 4.—BASE IMPOÑIBLE E DEVINDICACIÓN*

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material desta.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Para a determinación da base terase en conta, o orzamento presentado polos interesados, visado polo colexio oficial correspondente cando iso constitúa un requisito preceptivo; noutro caso será determinado polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo da comprobación municipal para practicar a liquidación definitiva á vista das obras realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o cal poderá modificar, no seu caso, a base imponible, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que corresponda.

Para as obras menores, obras de nova planta ou de reforma para determinar a base imponible tomaranse referencia polos prezos detallados no ANEXO I desta Ordenanza, tendo estes a consideración de prezos mínimos aplicables como base para o cálculo da cota.

A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

O imposto devindicarase no momento da solicitude do título habilitante ou no de iniciarse a construción, instalación ou obra, cando non contase coa correspondente licenza ou comunicación previa.

#### *ARTIGO 5.—TIPO IMPOSITIVO E COTA*

O tipo de gravame será 2,25 por 100 do custo real das obras.

A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

**ARTIGO 6.—XESTIÓN**

O Concello terá competencia para a xestión, liquidación e inspección do Imposto que se devingue por todas as construcións, instalacións e obras que se realicen dentro do seu termo municipal.

O imposto será obxecto de autoliquidación polo obrigado tributario no modelo aprobado para o efecto e de expedición no Departamento de Rendas municipais.

Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non solicitándose, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, iníciase a construción, instalación ou obra, practicarase polo interesado unha autoliquidación, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que fose visado polo Colexio Oficial correspondente cando iso constituía un requisito preceptivo.

O prazo para presentación e ingreso da autoliquidación será:

1.—De 30 días, a contar da seguinte forma:

a) Cando se solicitou e se outorgara expresamente a correspondente licenza urbanística: dende o día seguinte ao de notificación do acordo ou resolución polo que se autorice.

b) Cando se comezaran as obras sen solicitar, nin obter licenza urbanística: dende a súa denuncia pola Administración ou desde o día de iniciación das obras.

c) Cando solicitando a licenza urbanística non se adopte acordo ou resolución expresas, ocasionando a obtención de tal licenza por silencio administrativo:

c.1) Dende o día que os suxeitos pasivos presuman que obtiveron a licenza por silencio positivo.

c.2) Dende o día seguinte ao da notificación do recoñecemento expreso polo Concello, de oficio ou a instancia de parte, da concesión da licenza por silencio administrativo.

d) Nos supostos de construcións, instalacións ou obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución, ou outorgamento de concesión previa: dende a data de notificación da orde de execución, ou do acordo de adxudicación da concesión.

e) No suposto de resolución denegatoria de bonificación aplicada na autoliquidación provisional para a presentación e ingreso da autoliquidación complementaria: dende o día seguinte ao de notificación da negativa.

2.—Cando se trate de obras suxeitas a comunicación previa, practicarase polo interesado unha autoliquidación do imposto previo á presentación da comunicación e deberá achegar o xustificante de ingreso á documentación requirida para a efectiva comunicación.



Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

A presentación da autoliquidación do imposto e o pago do mesmo non presupón a legalidade das obras ou construcións que constitúen o feito impositivo, nin afecta o réxime vixente de disciplina urbanística.

### **Liquidación provisional**

No caso de que non se presentara a autoliquidación ou presentouse aboada por cantidade inferior á que resultaría de aplicación, o Concello poderá efectuar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda, previa notificación da proposta de liquidación seguindo o procedemento de verificación de datos ou de comprobación limitada establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria, así como as normas de desenvolvemento.

### **Liquidación definitiva**

Unha vez finalizadas as obras, construcións ou instalacións, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á terminación das mesmas, o suxeito pasivo deberá presentar declaración do custo real e efectivo daquelas, acompañada dos documentos que considere oportunos para acreditar o devandito custo, ou, con preferencia, certificado final das obras.

O Concello poderá requirir ao interesado a presentación de documentación complementaria para comprobar o custo final das construcións, tales como as certificacións de obra, a declaración de obra nova e os contratos de execución.

Tras a realización das oportunas comprobacións administrativas, o Concello modificará, no seu caso, a base impositiva, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo o ingreso ou reintegrándolle, non seu caso, a cantidade que corresponda.

### *ARTIGO 7.—INFRACCIÓN E SANCIÓN*

No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolvan.

### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A aprobación da presente Ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais sobre Construcións, Instalacións e Obras no Concello de Pontearreas que contraveñan o presente articulado.

### *DISPOSICIÓN DERRADEIRAS*

1ª. No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.





Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

2ª. A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**ANEXO A**  
**LISTAXE DE PREZOS MEDIOS PARA OBRAS MENORES,**  
**DE NOVA PLANTA OU DE REFORMA**

<i>OBRAS MENORES:</i>	
. Substitución de carpintería	48,08 € por m2.
. Porta de madeira	78,13 € por ud.
. Reposición de cristais	12,02 € por m2.
. Reposición de cuberta	18,03 € por m2.
. Solo de terrazo	12,02 € por m2.
. Solo de cemento	6,01 € por m2.
. Solo de parqué	18,03 € por m2.
. Rodapé	2,40 € por m.
. Encintado	1,20 € por m2.
. Limpeza de paredes de pedra	3,01 € por m2.
. Pintado	2,40 € por m2.
. Azulexado	12,02 € por m2.
. Reboque	7,21 € por m2.
. Falso teito	10,22 € por m2.
. Mampara	54,09 € por m2.
. Impermeabilización	4,21 € por m2.
. Baixante	10,52 € por m.
. Cámara de aire	12,02 € por m2.
. Reixa de seguridade	60,10 € por m2.
. Picar cal	3,01 € por m2.
. Limpeza ou roza de terreos	1,80 € por m2.
. Escavación	3,31 € por m3.
. Punto de luz, enchufe	14,42 € por ud.
. Fosa séptica	336,57 € por ud.
. Pozo de auga	901,52 € por ud.
. Lápida	180,30 € por ud.
<i>INSTALACIONES DE SANITARIOS:</i>	
. Bañeira	72,12 € por ud.
. Lavabo	72,12 € por ud.
. Bidé	72,12 € por ud.
. Inodoro	72,12 € por ud.
. Baño completo	264,45 € por ud.
. Construción escaleira	36,06 € por m2.
. Apertura de oco	6,01 € por m2.
<i>VARIOS:</i>	
. Toldo	60,10 € por m2.
. Marquesiña	180,30 € por m2.

Martes, 13 de marzo de 2018

Núm. 51

. Cala	30,05 € por m2.
. Entrada carruaxes	18,03 € por ud.
. Rótulo opaco saínte	270,46 € por m2.
. Rótulo opaco adosado	210,35 € por m2.
. Rótulo luminoso saínte	360,61 € por m2.
. Rótulo luminoso adosado	330,56 € por m2.
. Carteleira publicitaria	27,05 € por m2.
. Instalación guindastre	601,01 € por ud.
<i>MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN:</i>	
. Vivenda unifamiliar no rural	360,61 € por m2.
. Chalé	601,01 € por m2.
. Edificio de vivendas de prot. oficial	300,51 € por m2.
. Edificio de vivendas libres	540,91 € por m2.
. Nave industrial	108,18 € por m2.
. Obras de reforma	90,15 € por m2.
. Sotos e Locais comerciais	180,30 € por m2.
<i>PECHES -(altura 1,80 m.):</i>	
. Aramado con postes	21,04 € por m.
. Bloques de formigón	15,03 € por m.
. Pedra	45,08 € por m.
<i>MURO CONTENCIÓN:</i>	
. Muro contención	126,21 € por m3.
<i>CUARTO DE BAÑO:</i>	
. Construcción cuarto de baño	300,51 € por m2.
<i>GALPÓNS:</i>	
. Construcción de galpón	30,05 € por m2.
. Demolición de muros	48,08 € por m2.